

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4 DE ABRIL DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día catro de abril do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 28 DE MARZO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 28 de marzo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde o cal manifesta que se absten por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 28 de marzo de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 17 de marzo de 2022, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento PL400A). DOG núm. 62 do 30-03-2022.
- Orde do 15 de marzo de 2022, da Consellería de Política Social, pola que se modifica a Orde do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a

Código do documento	Código do expediente
USG16I01AP	USG/2022/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1V4V 3G49 1N6X 4O4J 1EFX	

corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS623C). DOG núm. 62 do 30-03-2022.

- Resolución do 24 de marzo de 2022, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se modifica a Resolución do 4 de novembro de 2021 pola que se resolve a adxudicación para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva de equipamentos de emerxencias a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. DOG núm. 64 do 01-04-2022.
- Resolución do 25 de marzo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FONL: Convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2022. BOP núm. 61 do 30-03-2022.
- Anuncio do 28 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria e bases reguladoras para a cobertura en propiedade dunha praza de técnica/o de urbanismo de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición. BOP núm. 62 do 31-03-2022.
- Resolución do 29 de marzo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO106: Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte. BOP núm. 62 do 31-03-2022.
- Resolución do 30 de marzo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao Programa FO206: Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022. BOP núm. 62 do 31-03-2022.
- Anuncio do 30 de marzo de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2022. BOP núm. 63 do 01-04-2022.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

1.- Programa de estimulación lectora con cans de terapia para escolares.

Este programa, unha vez rematado nos colexios Díaz Pardo, Ría do Burgo e Vila de Rutis, iníciase nos seguintes centros:

- Data de presentación das sesións lectoras: mércores 6 de abril, no CEIP P. Tarrío.
- Data de presentación das sesións lectoras: xoves 7 de abril, no CEIP Sofía Casanova.
- Lugar: bibliotecas escolares.
- Participan: 6 escolares de cada centro, seleccionados polo departamento de orientación.

2.- Mañás de campamento 2022

Na semana do 4 de abril enviarase aos centros escolares e oficinas municipais información sobre a XXIII campaña de conciliación familiar a desenvolver no período de vacacións escolares de verán.

Código do documento	Código do expediente
USG16I01AP	USG/2022/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1V4V 3G49 1N6X 4O4J 1EFX	

Nesta información, anunciarase o período de solicitude de prazas no programa que irá desde o luns 18 de abril ata o martes 26 e será a través de formulario ou presencial previa cita.

Poderán participar menores matriculados en educación infantil ou primaria, de entre 3 e 12 anos, preferentemente empadroados en Culleredo e con necesidades de conciliar.”

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/667/2022 de data do 25/03/2022 pola que se establece unha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. Salvador Allende, diante do número 7, parroquia do Burgo, 'en cordón'.
- Resolución número CUL/RES/668/2022 de data do 25/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de 8 m. con tubo de P.V.C. 63mm., na R/. Eduardo Pondal, núm. 3, da parroquia de Rutis, deste termo municipal.
- Resolución número CUL/RES/669/2022 de data do 25/03/2022 pola que se require á D.^a O. M. G. M. para que no prazo dun mes, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Andrés Pan Vieiro, fronte ao portal núm. 11, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado á un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/685/2022 de data do 29/03/2022 pola que se procede á execución subsidiaria para a limpeza e roza dos terreos situados na referencia catastral 0366408NH5906N que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/686/2022 de data do 29/03/2022 pola que se inicia o expediente de execución subsidiaria para a limpeza e roza dos terreos situados na referencia catastral 0366103NH5906N que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.
- Resolución número CUL/RES/690/2022 de data do 29/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización da liña eléctrica soterrada de baixa tensión para o subministro da vivenda situada no lugar da Regueira, parroquia de Almeiras.
- Resolución número CUL/RES/691/2022 de data do 29/03/2022 pola que autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización da liña eléctrica soterrada de baixa tensión para o subministro á vivenda situada na R/. Juana Capdevielle, núm. 47, na parroquia de Orro.
- Resolución número CUL/RES/692/2022 de data do 29/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do subministro eléctrico en baixa tensión para a vivenda unifamiliar situada no lugar de Laxe, na parroquia de Rutis.
- Resolución número CUL/RES/693/2022 de data do 29/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a provisión do servizo de R. B. T. S. á vivenda situada en Vinxeira Pequena núm. 39, na parroquia de Celas.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG16I01AP	USG/2022/52
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1V4V 3G49 1N6X 4O4J 1EFX	

- Resolución número CUL/RES/694/2022 de data do 29/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para o retranqueo da canalización de apoio no lugar de Liñares, na parroquia de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/695/2022 de data do 29/03/2022 pola que se autoriza o uso especial por U.F.D. DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do subministro en R. B. T. S. á vivenda unifamiliar situada no lugar de Tarrío, na parroquia de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/705/2022 de data do 29/03/2022 pola que se establece unha reserva de praza de aparcadoiro para persoas con mobilidade reducida na R/. San Manuel, fronte á vivenda da solicitante (núm. 2) e inicio desta rúa, da parroquia do Burgo, deste termo municipal.
- Resolución número CUL/RES/706/2022 de data do 29/03/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 170, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28 de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, á D. Á. B. B.
- Resolución número CUL/RES/707/2022 de data do 29/03/2022 pola que se resolve iniciar o expediente de execución subsidiaria para a limpeza e roza dos terreos situados na referencia catastral 2045905NH5924N que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade e salubridade.”

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)